

Resolución do 29 de marzo de 2021, da Secretaría Xeral de Educación y Formación Profesional, pola que se convocan probas libres de títulos extinguidos dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

### CONTIDO E ESTRUTURA DAS PROBAS LIBRES

#### 1. Identificación da programación

##### PCentro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027691	IES de Porto do Son	Porto do Son	2020/2021

##### Ciclo formativo

Sistema educativo:	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
LOXSE	Actividades físicas e deportivas	M02001	Técnico en Conducción de Actividades Físico-deportivas no Medio Natural	Medio	Libre

##### Módulo profesional

Código MP	Nome	Horas
CMAXCE	Fundamentos anatómicos, biolóxicos e primeiros auxilios	80

#### 1. CRITERIOS AVALIACIÓN

- Coñecer as características básicas que debe cumprir toda actividade física que se realice nunha franxa saudable para o individuo.
- Coñecer e identificar as adaptacións que se producen no organismo ó facer actividade física ou deporte e cómo estas son posibles ca realización de actividades pautadas correctamente en función das características dos practicantes.
- Coñecer os beneficios do exercicio, do deporte e concretamente das actividades que se realizan no entorno natural para a saúde; así como recoñecer as patoloxías onde pode estar contraindicada a realización de actividades físicas no medio natural.
- Coñecer o funcionamento dos sistemas de obtención de enerxía e a súa relación cas AFD e coñecer a importancia da nutrición e alimentación equilibrada en función das características persoais e da actividade física realizada.
- Identificar os cambios que se producen no desenvolvemento da condición física ca idade e coñecer as necesidades e adaptacións necesarias a ter en conta para a planificación e posta en práctica de AFD na infancia e na 3ª Idade.
- Coñecer e identificar os órganos que configuran cada un dos sistemas ou aparellos do corpo humano, definindo a función de cada un deles.
- Definir as características estruturais, funcionais e mecánicas dos aparellos que en maior medida participan nas AFD: cardiovascular, respiratorio, locomotor (esquelético e muscular) e nervioso.
- Coñecer e saber explicar de forma global as relacións entre as diferentes respostas dos distintos aparellos na práctica de actividades físico-deportivas nas diversas etapas evolutivas da vida.
- Recoñecer e aplicar as pautas de actuación ante calquera tipo de accidente ou lesión que poida ocorrer e activar os protocolos de emerxencia necesarios.
- Ser capaz de recoñecer e paliar aquelas medidas de prevención que poden evitar riscos subxectivos e obxectivos de accidente nas AFD e fundamentalmente nas actividades que se desenvolven nun entorno natural.
- Saber realizar as técnicas de exploración básica e saber diferenciar en función da gravidade a actuación a realizar.
- Realizar adecuadamente as manobras de recuperación cardio-pulmonar se fose necesario.
- Recoñecer as lesións e accidentes máis comúns nas AFD e naquelas que se levan a cabo nun entorno natural e ser capaz de realizar unhas primeiras actuacións de maneira correcta e adecuada.

#### 2. PROCEDEMENTO

A proba ten dúas partes: unha parte teórica e outra práctica cunha duración de 2 horas e 15 minutos, en total.

- **PRIMEIRA PARTE DA PROBA OU PARTE TEÓRICA:** O alumnado disporá de 2 horas para realizar a primeira proba ou parte teórica.

**Estrutura da proba:** Esta proba de contido teórico constará de 25 preguntas tipo test e 5 preguntas de resposta curta ou a desenvolver.

- **SEGUNDA PARTE DA PROBA OU PARTE PRÁCTICA:** O alumnado disporá dun máximo de 15 minutos para realizar a segunda proba ou parte práctica.

**Estrutura da proba:** Esta proba de contido práctico constará de 2 supostos prácticos de primeiros auxilios.

### 3. CRITERIOS XERAIS DE CORRECCIÓN.

Observaranse fundamentalmente os seguintes aspectos:

**Primeira Proba:**

Nas preguntas tipo test haberá catro opcións de resposta, con unha ou varias respostas correctas. Cada resposta incorrecta ou incompleta restará o equivalente a 4 respostas correctas. Na pregunta a desenvolver ademais de considerar a medida en que se axusta o contido da resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais.

**Segunda proba:**

No relativo á parte práctica, valorarase a tranquilidade, axilidade e a aplicación de procedementos correctos en cada suposto práctico.

**Aspectos específicos de cualificación.**

Na parte teórica, as preguntas tipo test terán unha valoración de 0,20 puntos cada unha, cunha valoración total de 5 puntos, e as preguntas de resposta curta ou a desenvolver terán unha valoración total de 5 puntos.

A parte práctica constará de dous exercicios prácticos cunha valoración de 5 puntos cada un deles.

### 4. CRITERIOS XERAIS DE CUALIFICACIÓN

Cada proba (teórica e práctica) se valorará do 0 ao 10. A primeira proba ou parte teórica suporá o 75% da cualificación; e a segunda proba ou parte práctica suporá o restante 25%. Será necesario obter unha valoración de 5 puntos en cada unha das probas para acadar unha valoración positiva.

### 5. INSTRUMENTOS NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO.

Bolígrafo de tinta azul ou negra. Queda terminantemente prohibido o emprego de teléfonos móbiles, reloxos intelixentes ou calquera dispositivo electrónico de comunicacións, que deberán estar totalmente apagados e nunca visibles.